

Pajín, Aído e Valenciano son as que vetan a Vázquez para o novo cargo

Nin esquece, nin perdoa. O ex alcalde e ex embaixador ante o Vaticano **Paco Vázquez** ten claro que no seu partido hai quen non o quere como Defensor del Pueblo. Son, por exemplo, **Bibiana Aído**, **Leire Pajín** e **Elena Valenciano**. E, ante este panorama, el xa pediu o seu reingreso en Inspección de Trabajo.

**>gorxa
rouca**

Por **Álvaro Sal**

Paco Pestana 'bendi' esta tarde a reapertura dunha histórica galería

O sempre irreverente e multifacético artista **Paco Pestana**, orixinario de Castroverde (Lugo), será hoxe (20.30 horas, Algalia de Abaixo) o encargado de estrear a nova etapa da galería Citanía de Santiago. Seguro que o artista lugués logra sorprender nesta sala, que abriu por primeira vez alá por 1978.

Unha enquisa mantén a Orozco na alcaldía e achegaríase a Telmo a ela

Orozco ten moitas opcións de repetir. Pero, iso si, cun resultado moi axustado. Segundo ASCA, hoxe tería 10 escanos e o BNG podería lograr 3. O PP, pola súa parte, quedaría ás portas da maioría absoluta, con 12. O que pode soñar é **Telmo Martín** en Pontevedra, beneficiado polo pouco tirón de **Louro**.



>santygutierrez.com

>galeg@s

AMIL LÓPEZ VIÉITEZ
NUTRICIONISTA E
ESCRITORA

“Está demostrado que o estrés engorda, enferma e xera vellos prematuros”

A. Conde

P ¿Un sinónimo de Galicia?

R Paraíso. Beza natural e riqueza gastronómica.

P ¿Que quería ser de pequena?

R Investigadora.

P ¿Un lema a seguir na vida?

R Esforzarse ao máximo.

P ¿Como xurdiu este libro?

R É a continuación dun proxecto iniciado en 2004. No primeiro libro expónense as bases do meu método, testado xa con máis de 500 pacientes. Neste propónense cuestionarios para avaliar a saúde, realizar as curas depurativas para os problemas detectados e máis de 150 recetas coherentes.

P ¿E cal é a dieta coherente para activar o metabolismo?

R Entre outras cousas, facer cinco comidas ao día, incluír en cada unha delas proteínas, facer 15 minutos de exercicio ao día e reducir o estrés crónico.

P ¿Levamos unha vida demasiado



Amil López Viéitez

Nada en Vigo en 1977,

é doutora en Farmacia e especialista en Nutrición **Dirixe Amad Promoción de Salud**, con sede en Vigo, e colabora con entidades na formación sobre nutrición **Hoxe presenta na cidade olívica** –na Casa do Libro, ás 20.00 horas– *Activa tu metabolismo con la dieta coherente*, o seu segundo libro con pautas de alimentación, exercicio e relaxación “para por a punto o corpo e a mente”

estresada?

R Moito, e ademais está demostrado: o estrés engorda, enferma e fai vellos prematuros.

Os Biocos albergue
San Xosé de Río, Darense
988 291 209 - 988 200 204
www.osbiocos.com
info@osbiocos.com

SPACECAMP 2011
Inicio o 3 e o 17 de maio
Campamento para todos os días
Actividades, charlas, talleres, demostracións
Departamento de prevención de accidentes galegos
Español e inglés de Galicia

desde **350€**
tarifa para 7 días, 6 noites
14 € e para 12 días
Consultar condicións

>cóntanos

E-MAIL >xornal@l-v.es

WEB >www.l-v.es

SMS >649 953984 / 647 595648

Os últimos 'clásicos'

Si, é posible que os árbitros axudasen o Barcelona en dúas accións puntuais. Pero o xogo e as ocasións foron do Barcelona. Hoxe ninguén discute que é o mellor equipo do mundo. Antimou. E-mail

xustifique nos árbitros. Uns días axudan e outros non. O que está claro é que un equipo coída a canteira e o fútbol de toque e o outro, non... por moita fichaxe millonaria que faga. Neutral. www.l-v.es

Seguiremos aí

Somos o club máis grande da historia e seguiremos gañando títulos, con Mou (¡oxalá siga!) ou

Somos o club máis grande da historia e seguiremos gañando títulos, con Mou (¡oxalá siga!) ou

sen el. O ano que vén seguro que cambian as cousas. Madridista. SMS

As candidaturas vascas

Escándalo xurídico político anti-vasco. Este estado camiña cara ao fascismo a pasos axigantados. Queda a independencia. soulamvermello@hotmail.com

Onde se fala o galego

O norte de Portugal é o único lugar da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal (ou sexa, o antigo reino de Galiza) onde verdadeiramente se fala a nosa lingua en vilas e en cidades. Anónimo. SMS

>flash



¡Menudo arsenal!

Este é o arsenal que tiña Agustín Villaverde, o pontevedrés que foi enviado a un psiquiátrico tras secuestrar durante oito horas na propia casa o seu fillo de 11 anos, a súa muller e o xefe desta. Visto o visto, hai que agradecer que non houbera unha traxedia de grandes dimensións. Sen dúbida, tivo moito que ver nesa feliz resolución do caso a presenza dun mediador policial que logrou convencelo para que depuxese a súa actitude. > Pepe Ferrín / AGN

TV de LUNSAVENRES

Edita:
Galicia de Proxectos e Comunicacions S.L.
Depósito Legal: LU-471-06
GRUPO EL PROGRESO
Presidenta:
Blanca García Montenegro
Director:
Alfonso Á. Riveiro

Coordinadores:
Martín García Piñeiro, Ana Conde e María Marqués
Director de Comunicación e Márketing:
José Manuel Pérez-Bouzada
Responsable Comercial:
Natalia Pena Rodríguez
Director Administrativo:
José Manuel Rouco
Xefe de Distribución:

Alfonso Roca
Dirección Postal:
Fernando de Casas Nova, 35 A-1ºB
15707 Santiago de Compostela
Tel.: 981-568743 **Fax:** 981-585832
E-mail: xornal@l-v.es
Contratar Anuncios:
Tel: 981-568743 / 981-552530
E-mail:
publicidade@l-v.es
Contratar Distribución:
Tel: 982-298128